

DISTINCIÓNS Á ROSA ASOCIACIÓN

No ano 2011, a Asociación sociocultural Cedofeita recibiu dúas especiais distincións. Unha, o “Premio Cidade de Pontevedra 2010” na modalidade de *persoa xurídica*, concedido polo Concello de Pontevedra, e a outra, a homenaxe promovida pola Agrupación Amigos de Lérez.

Premio Cidade de Pontevedra

No acto de entrega dos premios “Cidade de Pontevedra”, celebrado no Teatro Principal o 20 de xaneiro, ponse de manifesto que este galardón se lle concede a Cedofeita, por acordo unánime da Corporación Municipal, polo seu incansable labor a prol da conservación, divulgación e posta en valor do patrimonio natural e cultural da parroquia de Lérez.

Despois da intervención da nadadora Beatriz Gómez Cortés, a quen se lle outorgou o mesmo premio na modalidade de *persoa física*, concédeselle a palabra a Xosé Álvarez Castro, presidente de Cedofeita, quen pronuncia unha documentada alocución que, polo seu interese, reproducimos a continuación.

Ilustrísimo señor alcalde, señoras e señores concelleiros, autoridades, amigas e amigos:

En primeiro lugar, queremos agradecer á Federación de Veciños Teucro por propoñernos ao premio Cidade de Pontevedra, ao xurado por considerarnos merecedores desta distinción e ao concello como institución que os patrocina. Tamén queremos lembrar neste momento as demais asociacións e persoas que foron propostas e, nesta ocasión, non resultaron galardoadas.

A asociación sociocultural CEDOFEITA quere compartir este premio coas asociacións e persoas que están levando a cabo un traballo cultural de base no noso concello, que como todo traballo desinteresado, non sempre é recoñecido pola sociedade, pero a súa existencia é importante e imprescindible.



Cedofeita ten o seu berce nunha parroquia como Lérez, orgullosa da súa singularidade e solidaria cos demais e séntese herdeira da súa historia. Xa o seu nome, Cedofeita, ven daquela Citofacta, torre, castelo ou recinto fortificado do que nos falan as crónicas medievais e que, alá polo século IX, servía de vixía e protección aos moradores dunha Pontevedra da que aínda non existían referencias documentais; torre que, coa axuda sobrenatural do apóstolo Santiago en forma de raio, foi conquistada aos portugueses por Fernando II, o rei que concedeu o foro á nosa cidade.

Lérez, que no seu mosteiro de bieitos acolleu, nun domingo de paixón do ano 1113, a celebración da consagración dos bispos de Mondoñedo e Porto oficiada polo arcebispo de Braga, Mauricio, e o seu rival, o Arcebispo Xelmírez de Compostela, acompañados de varios prelados e cóengos. Como di a Historia Compostelana “iCon canta e que reverencial luz dos cóengos da igrexa de Santiago resplandeceu a igrexa de Lérez, que aquel día chegou a ser tan memorábel!”.

Considerámonos herdeiros daqueles lerezáns que, a finais do século XIX, fundaron a primeira sociedade de agricultores de Galicia, sociedade que non se pechou sobre si mesma, senón que liderou o movemento agrario pontevedrés e galego do primeiro terzo do século pasado, con líderes como Valentín Peña, Víctor Moldes ou Manolo Gama, e que editou un periódico propio co título de La Glosopeda.

Tamén nos sentimos herdeiros dos conveciños que articularon unha Caixa Rural, que non só era depositaria dos diñeiros dos agricultores da bisbarra e da Federación Obreira pontevedresa, senón

que tiña cooperativa propia, que foi pioneira na introdución de novas especies vexetais e de abonos modernos e atreveuse coa publicación dunha revista técnica agrícola que se chamou *Vida Agraria*.


Herdeiros ¡como non! da entidade recreativa Juventud Lerezana, fundada no 1929, pioneira no recoñecemento da igualdade de dereitos de homes e mulleres e que definía nos estatutos, como misión principal, que o local estivese aberto polas noites para que os seus socios puideran adicarse á lectura de libros e xornais.

Somos partícipes tamén daquel Lérez acolledor de xentes de diversa condición, do inesquecível Barriga Verde e os seus monicreques, de feirantes e xentes da moina, dos carteiristas que nos deron sona como Venerando ou Catro Ollos, pois todos eles forman tamén parte da nosa historia.

E así podíamos continuar ata hai poucos anos, cando Lérez tivo que defender a propiedade comunal e o patrimonio ambiental das súas xunqueiras, o que non foi obstáculo, antes ó contrario, para compartilas xenerosamente con todos os pontevedreses como equipamentos públicos, educativos e de lecer.

E para rematar, quero manifestar que o premio Cidade de Pontevedra é un estímulo para continuarmos sendo unha entidade plural, aberta a diferentes sensibilidades, porque, nunha sociedade complexa, a pluralidade sempre é enriquecedora, e tamén para reafirmarnos no compromiso coa defensa e divulgación do patrimonio cultural, histórico e ambiental. Grazas e unha aperta.

Pechou o acto o Sr. Alcalde Pontevedra, Miguel A. Fernández Lores que, despois de destacar o méritos deportivos e persoais de Beatriz Gómez, referiuse a Cedofeita nos seguinte termos. *"Coa Asociación Cultural Cedofeita chega a nós unha aposta intelixente, discreta e brillante sobre o patrimonio cultural, sobre a natureza, sobre a memoria colectiva, sobre a nosa historia recollida para sempre; unha actividade centrada na parroquia de Lérez, pero, quen o dubida, cunha proxección pontevedresa e comarcal; a palabra Cedofeita forma parte da orixe da cidade, das nosas máis antigas referencias, cando protexía a cidade e a desembocadura do río Lérez desde o norte; xa por ese simple feito de nomearse cunha verba de gran significación histórica para a capital, merecía un lugar de honra entre nós; pero á nobreza e estirpe do seu nome hai que engadir un incansábel traballo de recuperación documental que fai da súa vida unha auténtica xestora do empaque cultural de Pontevedra. Se non tivésemos entidades coma Cedofeita, teríamos que inventalas, e é ben difícil sacar da nada toda a enerxía que unha empresa coma esta necesita. Por iso, cómpre, nun día coma hoxe, expresar o grandísimo agradecemento que Pontevedra enteira lle debe a estas persoas tan preocupadas polos demais, pola vida colectiva, polo que fomos, polo que somos e polo que seremos; Cedofeita proxecta a súa actividade desde Lérez, á sombra da súa orixe. Desde ese inicio dos tempo en que Cedofeita podería ter sido unha simple torre vixía, ata hoxe en que a capital se achega e practicamente invade algunha zonas da parroquia, esta segue a conservar o*



xenio da súa personalidade que se manifesta en moitos rasgos urbanísticos e históricos, pero tamén noutros que forman parte da nosa cultura inmaterial, como a toponimia ou a lembranza de vellos oficios xa practicamente desaparecidos no noso tempo; Lérez, esa palabra tan xenética para Pontevedra, terá en poucos meses a ocasión de iniciar unha nova xeira da súa vida colectiva coa posta en valor do seu novo (...) Centro Cultural que honra a memoria dos seus promotores nos inicio do século XX e ponse ó servizo dos homes e mulleres de hoxe para impulsar e proxectar o traballo de entidades coma Cedofeita e outros colectivos que implican a cidadanía e elevan o nivel educativo, cultural, deportivo e artístico da poboación..."

Homenaxe en Lérez

O 28 de maio, no mosteiro de Lérez, a Asociación Cedofeita recibiu unha calorosa homenaxe no transcurso dun xantar organizado pola Agrupación Amigos de Lérez. Na sobremesa, o secretario deste colectivo, Jesús Filgueira, dirixiuse ós comensais asistentes do seguinte xeito:

Boas tardes, amigas e amigos: Como vén sendo costume desde hai vinte anos de forma continua, esta Agrupación de Amigos de Lérez, celebra no día de hoxe, coincidindo coas festas na honra do Santísimo Cristo do Consolo, o distinguir a unha persoa ou entidade que co seu labor ao longo dos anos a prol desta parroquia, e tributarlle un pequeno pero emotivo recoñecemento, co fin de agradecerlle dalgunha maneira ese labor altruísta.

Na presente edición, os que formamos parte desta Agrupación tiñamos moi claro que quen debía recibir este agasallo por parte dos veciños e amigos de Lérez, era a ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL "CEDOFEITA".

Dita entidade que xorde no ano 1995 nesta parroquia cun insistente labor de potenciación e coa intención de dinamizar a vida sociocultural, organizando conferencias, exposicións, charlas, obras de teatro, publicando revistas, así como colaborando coas diferentes entidades da parroquia, entre outras actividades.

Destacar igualmente o seu compromiso coa defensa e divulgación do noso patrimonio cultural, histórico e ambiental, feito que poñen de manifesto nas exposicións que veñen celebrando nas primeiras datas do mes de agosto coincidindo coas festas patronais, contribuíndo deste xeito o acceso da cultura a toda a poboación e en especial os veciños de Lérez.

Principalmente, polos motivos antes expostos, a entidade a que hoxe agasallamos foi merecidamente galardoada co premio "Cidade de Pontevedra 2010", premio do cal temos que sentirnos fondamente orgullosos todos os lerezáns, xa que dalgún xeito sentímonos representados por esta Asociación Sociocultural.

Por último e para finalizar, moitas grazas ós asistentes, esperando que o próximo ano poidamos, compartir este día de festa cos Amigos de Lérez.



A continuación o presidente deste colectivo, Manuel Piñeiro, procedeu á entrega dunha placa conmemorativa que recibe o Presidente de Cedofeita, Pepe Álvarez, quen pronuncia as seguintes palabras:

Boas tardes: o ano 2011 é un ano de satisfaccións para CEDOFEITA, por unha banda recibimos o premio máis importante que concede a nosa cidade e agora esta distinción, que quizás teña un valor especial porque procede da xente da nosa parroquia, dos Amigos de Lérez.

Un amigo, xa falecido, escribiu unha vez que poderán cambiar as xentes, poderán cambiar as paisaxes ou os límites pero os pobos que teñen conciencia de seu, permanecerán sempre. E Lérez sempre tivo e ten conciencia de seu, é unha das poucas parroquias que defende a súa singularidade. A nosa parroquia ten raíces moi fondas na historia: dende aquelas xentes que fai máis de 4000 anos enterraban aos seus defuntos nas mámoas das Chans ou os que se estableceron ao pé da Via Romana XIX na villae do Ramallás, dende os castrexos que habitaban a zona alta da nosa parroquia onde, máis tarde, se levantou a torre ou fortaleza de Cedofeita, aquela que as crónicas contan que foi reconquistada aos portugueses polo rei Fernando II, o que concedeu foro a Pontevedra, reconquista, iso si, coa axuda sobrenatural en forma de raio que fendeu o castelo en dous.

Dalgún xeito tamén se sentirían lerezáns os homes e mulleres que vivían no couto deste mosteiro fundado polo abade Guntado e que recibiu importantes doazóns do rei Ordoño II,

lerezáns como aqueles Araldo e Dosebio que aparecen neste documento e tamén todas aquelas xentes que contemplaron abraíadas o luxo e esplendor daquel domingo de paixón de marzo de 1113, a cerimonia de consagración dos bispos de Mondoñedo e Porto coa asistencia de Mauricio, arcebispo de Braga e do seu rival Xelmírez de Santiago.

E lerezáns acaban por sentirse todos os que viñeron, viñemos, tamén doutras terras, porque o lugar onde un nace vennos imposto e un é do lugar que elixe como patria, para integrarse nel, porque se un fose do lugar en que nace, cando unha gata pare no forno os gatiños terían que ser bolas de pan. E lerezáns que viñeron doutras terras foron persoas como Barriga Verde e os seus monicreques, Antonio Odriozola cos seus libros e camelias, o recordado don Leandro, con tantas facetas como cura e como home e tantos outros.

No nome dos socios e socias de CEDOFEITA agradecemos de todo corazón este acto e damos unha aperta aos Amigos de Lérez e a todos os que nos acompañades hoxe.

Estas distincións, que pasan a formar parte da historia de Cedofeita, significan para nós unha grande satisfacción e un aliciente máis que nos abriga a seguir traballando con maior afán e ilusión. Pero temos que dicir que elas non serían posibles se non sentiramos o apoio e a calor do conxunto dos asociados que, sen dúbida, se han sentir orgullosos e partícipes de tan sinalados galardóns.

